

### 3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

#### INSTRUCCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**



1. Indique cal das seguintes partes do corpo humano NON se encontra no rostro:

- A) A fronte.
- B) As pálpebras.
- C) As meixelas.
- D) Os cadrís.

2. Complete a frase: “De prato forte faremos .....”.

- A) garavanzos.
- B) garabanzos.
- C) garbanzos.
- D) garvanzos.

3. Persoa natural ou habitante de Vilagarcía de Arousa:

- A) Vilagarcían–Vilagarciá.
- B) Vilagarcíes–Vilagarciesa.
- C) Vilagarciano–Vilagarciana.
- D) Vilagarciese.

4. Vermes parasitos do intestino humano son:

- A) As miñocas.
- B) As lombrices.
- C) As miocas.
- D) As lombrigas.

5. Marque a resposta que teña os topónimos de concellos galegos escritos correctamente:

- A) Piedrafita do Cebreiro, A Caniza, Monte Rei, Caldas de Reis.
- B) Pedrafita do Cebreiro, A Cañiza, Monterrei, Caldas de Reis.
- C) Piedrafita do Cebreiro, A Cañiza, Monterrey, Caldas de Reyes.
- D) Pedrafita do Cebrero, A Caniza, Monte Rei, Caldas de Reis.

6. Escolla a opción correcta:

- A) A leite é branca.
- B) O leite é branco.
- C) A leite é branca.
- D) O leite é blanco.

7. Sinónimo de “glóbulo vermello” en galego:

- A) Hematíe.
- B) Hematía.
- C) Hemacia.
- D) Hemacía.

8. Se nos queremos referir ao alento que cheira mal, empregaremos un destes substantivos:

- A) Balume.
- B) Alcatreo.
- C) Arrecendo.
- D) Feixeiro.

9. O número 18 escíbese en letra:

- A) Deceoito.
- B) Dazaoito.
- C) Dezaoito.
- D) Dezoito.

10. Cando alguén cubriu un traxecto a pouca velocidade dise que:

- A) Fixo o recorrido despazo.
- B) Fixo o recorrido a modo.
- C) Fixo o percorrido axiña.
- D) Fixo o percorrido amodo.

#### Preguntas de reserva

1. Sinale a opción que se amosa correctamente escrita:

- A) Desconozo a orixen da súa longa viaxe polos servizos farmacéuticos.
- B) Descoñezo o orixen do seu longo viaxe polos servizos farmacéuticos.
- C) Descoñezo a orixe da súa longa viaxe polos servizos farmacéuticos.
- D) Desconozco o orixe do seu longo viaxe polos servizos farmacéuticos.

2. Sinónimo de chuvia miúda, orballo:

- A) Morriñada.
- B) Bategada.
- C) Chuvieira.
- D) Chaparrada.